



bases de participación
IV Festival de Curtas de Sada 2011

ARTIGO 1. OBXECTO.

O Festival de Curtas de Sada é unha cita que pretende ser un escaparate para o audiovisual galego. Naceu como un proxecto que pretendía ser unha nova plataforma para dar a coñecer os traballos de diferentes realizadores galegos dentro do formato das curtametraxes, impulsando así a creación artística audiovisual e a cultura do cine na nosa localidade e na Comunidade Autónoma en xeral.

Por outra banda, o Festival de Curtas de Sada ten como obxectivo principal o de achegar o mundo do audiovisual ós cidadáns da vila, a través da proxección de curtas actuais seleccionadas, e de actividades didácticas complementarias. É, por tanto, un proxecto con clara vocación cultural que pretende favorecer tanto o traballo das persoas e entidades involucradas no proceso creativo, como o achegamento da cultura á maior poboación posible.

Por último podemos destacar o interese turístico da proxección da imaxe de Sada a través do mundo audiovisual, unida á difusión das curtas premiadas.

ARTIGO 2. ORGANIZACIÓN.

A Comisión Organizadora estará formada por 2 membros da Concellaría de Cultura do Concello de Sada e 3 realizadores-productores, todos eles Galegos.

ARTIGO 3. PARTICIPANTES.

Poderán participar as obras que non participasen en ningunha edición anterior do concurso, e que sexan de...

- Empresas produtoras galegas.
- Guionistas.
- Directores.
- Productores.

... que pertenzan ou teñan a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma Galega (acreditado coa copia do DNI ou CIF).

ARTIGO 4. NORMAS DE PARTICIPACIÓN.

1. Poderán optar ós premios os traballos rodados tanto en 35 mm, como en vídeo-dixital.
2. As obras presentadas terán que ser enviadas en soporte vídeo-dixital (DVD).
3. A duración non excederá en ningún caso dos 20 min. (créditos non incluídos).
4. A temática do certame é libre.
5. Non poderán presentarse máis de dous traballos por persoa.
6. As copias dos traballos deberán de proceder directamente do master. A falta de calidade técnica xustificará a exclusión do traballo presentado.

7. As producións audiovisuais presentadas ao certame deberán acompañarse, como mínimo, do seguinte material de promoción:

- Cartaz da película.
- Fotos da curtametraxe.
- Unha fotografía do director.
- Currículo do director.

8. As obras presentadas deberán ir acompañadas da súa correspondente ficha técnica e da ficha de inscrición (anexos 1 e 2), na que todos os campos a cubrir son obrigatorios. A data de produción deberá ser posterior ao 1 de xaneiro do 2008.

9. As curtas seleccionadas serán emitidas a partir do día 26 de abril do 2011. As proxeccións terán lugar no auditorio da Casa da Cultura Pintor Lloréns. A Gala de Clausura e a entrega de premios será o día 30 de abril. En cada proxección deberá estar presente polo menos un membro do equipo que realizou a curta, cabendo a posibilidade de incluír unha breve introducción e explicación das curtas antes de cada sesión de proxección.

10. Na Gala de Clausura é obrigado contar coa presenza dalgún dos membros das curtas finalistas.

11. En canto ás responsabilidades legais, o concursante será o único responsable da súa curtametraxe. A organización do festival declina toda responsabilidade sobre a curta e o seu contido (imaxes e sons doutros autores) no participante.

12. O material enviado ao inscribirse non será devolto.

13. A participación neste certame supón a aceptación plena destas bases.

ARTIGO 5. INSCRICIÓN.

1. As inscricións serán realizadas polo director, guionista ou produtor da obra presentada ao certame. A obra deberase acompañar da ficha de inscrición (anexo 1) e da ficha técnica (anexo 2).

2. Os traballos poderán presentarse en persoa no Rexistro do Ilmo. Concello de Sada. Tamén se poderán presentar no rexistro de calquera órgano administrativo pertencente á Administración Xeral do Estado, no de calquera Administración da Comunidade Autónoma, ou nas oficinas de Correos. Nestes últimos casos, deberán ser logo enviados por correo postal, dirixidos a:

IV FESTIVAL CURTAS DE SADA 2011.

Ilmo. Concello de Sada.

Avenida da Mariña nº25.

CP 15160 Sada, A Coruña.

(O horario do Rexistro do Concello de Sada é de luns a venres de 9:00h. a 14:00h., e os sábados de 9:00h. a 13:00h.).

3. Os gastos de envío correrán a cargo do participante. O certame non se fará responsable dos danos ou perdas dos vídeos, nin atenderá os traballos que non veñan acompañados da documentación requirida (fichas de inscrición).

4. A organización resérvase o dereito a quedar coa copia enviada, coa finalidade de destinala a arquivo, promoción, propaganda do festival e proxeccións sen ánimo de lucro (previo aviso aos realizadores).

ARTIGO 6. PRAZO.

O prazo límite de entrega será o 14 de marzo do 2011, antes das 14:00 horas.

ARTIGO 7. SELECCIÓN.

O comité de selección dará a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello (www.concellodesada.com) e na páxina oficial do festival (www.festivaldecurtasdesada.com) o día 11 de abril de 2011 os traballos seleccionados para formar parte do concurso.

ARTIGO 8. XURADO.

A organización proporá un xurado que será aprobado pola Alcaldía do Concello de Sada. Estará formado por sete membros, entre representantes do Concello de Sada e profesionais e personalidades relevantes do sector audiovisual.

ARTIGO 9. PREMIOS.

1. Outorgarase un premio de 500 € á mellor curtametraxe de ficción.
2. Outro premio de 500 € para a mellor curtametraxe de animación.
3. Concederase un premio de 500 € como “premio especial do público”.
4. Outorgaranse os seguintes premios técnicos, consistentes en diplomas, ós seguintes conceptos:

- Mellor guión.
- Mellor montaxe.
- Mellor banda sonora.
- Mellor actriz.
- Mellor actor.
- Mellor son.
- Mellor director.
- Mellor deseño gráfico.
- Mellor fotografía

5. **IMPORTANTE:** no caso das curtametraxes gañadoras dalgún dos premios económicos do certame, o ingreso faráse nun número de conta bancaria do que sexa titular a persoa que representa á curta na folla de inscrición. As persoas premiadas deberán presentar nun prazo de 15 días unha fotocopia do seu D.N.I., xunto cun certificado do número de conta bancaria (do que sexan titulares), no que desexen que se lles ingrese o importe do premio.



III FESTIVAL DE CURTAS DE SADA 2010



ANEXO I - FICHA DE INSCRIPCIÓN

a) nome e apelidos	b) DNI
c) domicilio	d) código postal
e) localidade	f) teléfono de contacto
g) email	h) pseudónimo (no caso)

ANEXO II - FICHA TÉCNICA

1) título da curta	2) pseudónimo ou nome do director	
3) duración	4) xénero	5) formato
6) sinopse	7) ilmografía do director	